



**ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS**, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa demanda de recollida de pilas e baterías usadas.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

As chamadas tres "R" (reducir, reutilizar e reciclar) son as claves para ir progresando en políticas de residuos cara á sustentabilidade. Afortunadamente estas mensaxes van calando na sociedade aínda que moi lentamente. Todas as campañas que se fagan son poucas polo que hai que seguir achegando esta necesidade da reciclaxe aos/as cidadáns/as, e ao mesmo tempo hai que esixir ás distintas administracións un maior esforzo para que a recollida selectiva de residuos sexa cada vez maior e con menor cantidade de rexeitamento.

Neste Concello non existen -ou non se coñece a existencia de- colectores para a recollida de residuos tan contaminantes como son as pilas ou baterías usadas, cuxos compoñentes son nocivos tanto para o medio ambiente como para a saúde. Non cabe dúbida de que as pilas son residuos habituais de alto poder contaminante polos metais que se usan na súa composición. As pilas comúns conteñen, entre as sustancias tóxicas e daniñas para a saúde, dióxido de manganeso, mercurio, níquel, cadmio e compostos de litio, que poden provocar doenzas nos nosos órganos vitais e en moitos dos casos lesións cancerixenas.

As pilas e baterías non deben mesturarse co lixo biolóxico. Se as mesmas chegan aos vertedoiros, ao queimar os lixos, os compoñentes tóxicos que teñen, incorpóranse ao solo e ao ciclo da auga a través da choiva ou do aire, e deste xeito introdúcense na cadea alimentaria natural, das que se nutre o ser humano.

Con todo, a maioría da xente non sabe onde depositar as pilas ou baterías, polo que consideramos necesario, prioritario e urxente que o Concello leve a cabo campañas informativas, educativas e de concienciación que impliquen a colaboración dos/as cidadáns/as.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte:

#### **SOLICITUDE :**

Que por parte do Goberno Municipal, e tendo en conta que estamos nunha época de alto consumo destes materiais, que

1. O máis axiña posible se proceda a instalación de colectores de pilas usadas en diversos puntos do municipio.
2. Se poñan en marcha campañas informativas que difundan os lugares onde se atopan os colectores para depositar pilas e baterías gastadas, así como campañas de educación e sensibilización sobre os danos que estes materiais poden ocasionar na saúde do ser humano.

Ribeira, 17 de decembro de 2008

Asdo.: Anxelos González Cruxeiras

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**